

O AUDIO-LIBRO 'TEMPO DE ELEXÍA' PRESENTOUSE EN LUGO DIANTE DO ALUMNADO DO IES LUCUS AUGUSTI



Alumnado do IES durante a presentación.

- **Branca Novoneyra: “Este libro posúe esa mirada universal que contén as preguntas que sempre nos ocupan”.**

Os alumnos e alumnas do Instituto de Bacharelato “Lucus Augusti” de Lugo protagonizaron hoxe, Día do Libro, a presentación da obra TEMPO DE ELEXÍA de Uxío Novoneyra, o poemario co que Alvarellos Editora se suma á homenaxe que a cultura galega rende este ano á figura do poeta do Courel.

No acto interviu a filla de Novoneyra, Branca Petra, o vicedirector do Instituto, Manuel Celso Matalobos, e o director da editorial, Henrique Alvarellos.

Desenvolveuse no salón de actos do Centro, no mesmo lugar onde, no outono de 1982, Uxío Novoneyra pronunciou o recital que se recolle, íntegro e en formato CD, nesta edición. Como naquela data, o público estivo integrado polos estudantes do Instituto.



Recollemos de seguido as palabras pronunciadas por **Branca Novoneyra** neste acto:

Tempo de Elexía é o libro de Uxío máis próximo á miña xeración, unha xeración profundamente individualista e desmobilizada para o colectivo.

Nel fálanos da soidade, da perda, do amor e da morte en poemas de poucos versos – case como mensaxes– que nos preguntan, que nos sosteñen no baleiro e nos confrontan a imposibilidade de xustiza e liberdade social.

Creo que si Uxío quedara a vivir en Madrid, se non volvera ó Caurel, a súa poesía posterior sería moi distinta. Poesía e vida unidas foi unha das súas teimas, das que nunca desistiu.

A Uxío emocionáballes moito unha frase de Pessoa: “*A miña patria é a lingua portuguesa*”. Tamén para el a lingua recollía unha forma de vida, expresaba unha visión diferencial da realidade.

Negar a memoria colectiva acelera a nosa extinción. Así que hoxe asistimos ó noso suicidio colectivo. Non nos enganemos, negar a nosa diferenza non nos globaliza, nin nos fortalece, non nos fai máis preparados; fainos febles, máis vulnerables á manipulación política, por ela caemos na ignorancia e nos embrutecemos.

A Lingua danos a posibilidade de existir plenamente, de posuír unha visión clara do múltiple e achegarnos con seguridade a outros idiomas e comunicarnos neles.

Pero o noso pensamento máis fondo, no que acadamos a nosa individualidade máis potente, reside na Lingua galega, por que é a nosa, aínda que non a falemos. E non poderemos entender certas emocións e conceptos que están na base da nosa cultura. Sempre seremos emigrantes, desligados do noso, inseguros e perdidos para o futuro.

Só os pobos que se enraízan no seu poden sobrevivir neste mundo globalizado. Só entón podemos asumir referencias múltiples e conectarnos. Pero para ser algo, para Ser, hai que conservar as raíces máis profundas, para poder viaxar e coñecer os outros, os que son diferentes a nós e atopalos noutras culturas, noutros espazos.

Con *Tempo de Elexía* Uxío abriu un camiño enraizado no seu que uniu coa súa experiencia fora de Galicia. Atopou unha vía para vivir intensamente sen negar as súas raíces. Asumiu múltiples referencias doutras culturas, doutras linguas, e fundiunas na súa poesía

Este libro posúe esa mirada universal que contén as preguntas que sempre nos ocupan. Rescata o noso diferencial e nos conecta coa visión universal, a que compartimos sobre o amor e a ilusión, e tamén sobre a perda e a morte...

Por que queremos preguntarnos sobre o que realmente nos sucede, temos unha viaxe alucinante na poesía. Nesa viaxe Uxío trazou un tempo de elexía, unha ponte entre o que nos particulariza e o que nos une tanto na poesía como na vida.

